

MEMORIA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CEIP CAMPOLONGO CURSO 2008-2009

USO E DESENVOLVEMENTO DO GALEGO NA COMUNIDADE EDUCATIVA

Continuando coa liña de traballo iniciada hai tres cursos, o ENDL do CEIP Campolongo diversificou as estratexias e programou tarefas e actuacións orientadas a toda a comunidade escolar, promovendo unha intervención necesaria sobre o eido educativo para que o alumnado poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan e acadar a competencia axeitada, procedendo a unha diversificación de propostas nos diferentes momentos da acción educativa de cara ao desenvolvemento de tódalas competencias lingüísticas e tratando de concienciar a todos da nosa responsabilidade na herdanza da lingua, coidando evitar desaxustes nos avances e posibilitando unha vez máis o contacto e a integración do profesorado e alumnado, pais e nais, na lingua e culturas galegas, pois desenvolvémonos nun medio urbano en contacto coa lingua galega, pero a valoración e descoñecemento da mesma alcanza aínda cotas bastante elevadas.

Na tarefa de coordina-las iniciativas normalizadoras no centro, asumimos a principal responsabilidade de incrementar o emprego da lingua, segundo determina a normativa, para garantir o seu uso, con actividades encamiñadas a establecer o contacto xeracional do alumnado, propoñendo ás titorías traballos normalizadores, para conseguir e consolidar pequenos avances no emprego da mesma, a través da práctica habitual. Tamén se realizaron actividades que transcendían ao ámbito escolar propiamente dito: encontros e intercambios co galego estremeiro e con Portugal. Incidiuse fundamentalmente na oralidade fronte á lectura e a escritura, posto que é alarmante a perda de falantes. Na tarefa de levar adiante tódalas propostas, houbo interrelación coas distintas áreas, e coordinación co resto dos equipos docentes; a normalización lingüística foi contemplada transversalmente coa implicación de todas as materias curriculares no proceso: linguas estranxeiras, música, educación física, plástica e audiovisual.

Precisamos pautas claras que orienten a progresión do proceso no espazo curricular, así coma as directrices metodolóxicas e didácticas para o "coidado" da lingua galega en Educación Infantil.

A maioría das actividades propostas foron acadados, *quedando pendentos obxectivos a medio e a longo prazo como é lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa*. Botamos de menos por parte do profesorado e tamén do resto dos compoñentes da comunidade escolar, unha reflexión profunda sobre a situación, tamén actitudes e iniciativas realistas que a encaren con rigor e compromiso firme, para poder modificala e lograr avances importantes no proceso normalizador.

Para levar adiante a nosa labor contamos con dúas ferramentas educativas no desenvolvemento do proceso normalizador no noso centro:

Por unha banda o **PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**, elaborado no mes de setembro do curso pasado e aprobado polo Claustro e Consello Escolar, e posteriormente o **PROXECTO DE FOMENTO DO GALEGO**, presentado á administración educativa no mes de outubro.

AVALIACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

O obxectivo desta avaliación é de analizar neste remate de curso a súa adecuación á realidade do centro e deseñar as modificacións necesarias nas distintas variables se fosen precisas. Esta análise e avaliación foi debatida na penúltima reunión do ENDL(26 -05- 2009), cuxas conclusións incluimos nesta memoria.

Dos obxectivos marcados no mes de setembro no proxecto podemos salientar:

Hai que potenciar e aumentar a presenza do galego na escola incidindo fundamentalmente na:

- **ORALIDADE**
- **E. INFANTIL:** Traballo lúdico-afectivo cun enfoque socio-afectivo.
- **POSICIÓN POSITIVA CARA A LINGUA**, e de apoio por parte da Comunidade Educativa. **O OBXECTIVO É QUE AO REMATE DA PRIMARIA AS/OS NENOS/AS ACADEN AS MESMAS COMPETENCIAS NAS DÚAS LINGUAS** que é o que pretende o *Decreto 124/2007* do 28 de xuño.

O MODELO CONTEMPLADO NO PROXECTO É O DO PLURILINGÜISMO .

Dúas linguas con competencias plenas e en igualdade ao remate da primaria(galego e castelán) e una terceira con competencias básicas (inglés), e de acordalo a comunidade escolar una cuarta (francés).

A PROPOSTA DE TRABALLO MARCADA POLO ENDL FUNDAMENTOUSE EN:

- a) Un incremento progresivo, flexíbel, de horas de docencia impartidas en galego polo profesorado.
- b) Un incremento no total de horas das actividades complementarias e extraescolares impartidas en galego.

Destes obxectivos só en algúns aspectos moi concretos se deron avances de importancia, doutros non dispoñemos de datos exhaustivos para cuantificar.

Nas conclusións ás que chegamos non se perciben avances; pensamos que se está a dar un proceso de substitución lingüística, pois a oralidade é escasa, a valoración é pouca, e o descoñecemento da lingua acada aínda cotas bastante elevadas, o que determina a difícil existencia actual do noso idioma e o seu incerto futuro. Consideramos a oralidade moi importante, nese senso hai limitacións, sinalar entre outras a escasa implicación parte do profesorado, a inexistencia ou escaseza de reunións entre o propio profesorado e, por conseguinte, a falta de coordinación para tratar temas como o da lingua.

A familia é moi importante na transmisión aos nenos e nenas de aptitudes positivas (e tamén negativas) cara á lingua. Salientar tamén que o galego non se utiliza a miúdo como ámbito de encontro. Non hai concienciación da necesidade da lingua.

O galego camiña devagar na escrita, na que se está cumprindo a normativa, pero avaliamos escaso o seu uso na comunicación oral.

EN RELACIÓN AOS PREXUÍZOS , hoxe en día estanse sumando algúns novos, como por exemplo que o galego non serve para nada, que constitúe un obstáculo para a aprendizaxe, así como a identificación da persoa que fala galego cunha determinada ideoloxía política. É preciso desterrar os prexuizos. Referenciar nas estatísticas o caso dos inmigrantes que, cando rematan a primaria son mellores galegofalantes cós autóctonos, xa que eles ven o galego como unha necesidade de adaptación ao lugar onde viven.

Por parte da Administración precísanse máis medios e recursos, e que apoiem as iniciativas que xorden nos centros para o profesorado.

Tamén se deben implicar máis as ANPA dentro do traballo lingüístico, pois estas poden facer algo pola lingua, pero precisan dun profesional que as coordine en materia lingüística.

RECOMENDACIÓNS A TER EN CONTA PARA O VINDEIRO CURSO POLOS AXENTES EDUCATIVOS

As liñas de traballo para mellorar a situación sociolingüística do galego deben considerar o reforzo de estratexias socioafectivas xa dende a máis temperá idade, cunha metodoloxía para a dinamización sociolingüística integradora. Tamén haberá que incidir no que respecta á escasa concreción do uso do galego nas primeiras etapas educativas e, moi especialmente, no que atinxe ao momento decisivo da adquisición das destrezas da lecto-escritura, promovendo, para esta etapa en especial e en xeral para toda a primaria, unha intervención necesaria sobre o ámbito familiar: hai que concienciar as familias da súa responsabilidade na herdanza da lingua e da normalización da cultura galega; asentar valores relacionados coa diversidade lingüística, o plurilingüismo e a normalización cultural, centrarse máis na oralidade fronte á lectura e a escritura, crear e potenciar hábitos de uso nos castelanfalantes e, como non podía ser doutro xeito, implicar aos ensinantes para alcanzar un uso maior do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

AVALIACIÓN DO PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

De acordo cos seis grandes bloques de actuación propostos nos que se estableceron as correspondentes medidas curriculares, cuns obxectivos específicos en cada bloque, aplicados a determinadas áreas curriculares en cada caso e estendendo o seu ámbito de acción ao conxunto da transversalidade , con actividades e medidas de actuación propias para lograr os obxectivos propostos, **dicir que non se incrementou o número de actividades onde se contemplaron outras manifestacións e vivencias educativas que conforman, xunto á lingua, a armazón cultural galega .**

MEDIDAS, ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES REALIZADAS PARA ACADAR A NORMALIZACIÓN NA NOSA ESCOLA

- Adquisición de material bibliográfico e informático en galego.
- Adquisición de material videográfico en galego(DVDs para nenos/s) .
- Adquisición de material fonográfico en galego tanto para L galega como para E. Musical (contos, cantos,poemas).
- Elaboración de materiais didácticos para favorecer o uso do galego nas aulas e como material empregado na celebración das festas tradicionais.
- Elaboración de carteis e campañas de slogans en galego nos niveis superiores.
- Realizamos e divulgamos materiais de apoio ó ensino da lingua galega.
- Participación do alumnado nas **campañas de animación á lectura**, potenciadas desde as aulas, que está dando bos resultados, xa que se observa que se van facendo lectores que disfrutan coa lectura como punto de encontro coas fantasías e o mundo dos libros.
- Sesións de contacontos coa finalidade de fomentar o uso do galego.
- Promoción da música galega.

CUARTA EXPOSICIÓN DE FROITOS DE OUTONO EN GALICIA

Celebrada no corredor de abaixo da escola no mes de Outubro .

Estiveron expostos unha grande variedade de froitos. O alumnado participou facendo composicións artísticas e plásticas con eles. Tamén se expuxeron diversos traballos individuais:



- Elaborar e completar poemas con froitos propios da época.
- Redaccións.
- Debuxos.
- Entrega dun diploma aos participantes e premios de libros por categorías.

CELEBRACIÓN DO MAGOSTO : O MAGOSTO

Celebrado o 7 de Novembro.

No Magosto desenvóléronse as seguintes actividades:

- Música popular a cargo do profesor Martín coa gaita e Esteban co acordeón.
- Cantigas do Magosto a cargo do alumnado.
- Cantar de cego.
- Xogos populares dirixidos polo alumnado de 6º.
- Reparto de castañas.
- Entrega de diplomas do concurso “Produtos de Outono”.



NADAL

- Escenificación de textos relacionados co Nadal.
- Recollida e execución de cantos propios de Nadal.
- Confección dun Belén.
- Exposición de postais de Nadal.
- Celebración do festival de Nadal :**O Festival de Nadal celebrárase o 18 e o 19 de Decembro , debido ás dimensións do espazo (O ximnasio), que imposibilita a celebración nunha soa quenda. O E.N.D.L** participa, ademais das actuacións, na elaboración da presentación, felicitacións aos pais , e guións.

O Programa guión e o seguinte:

Infantil abre o festival con **“Buscando a Papa Noel”**. **“Falade ben baixo , petade pouquiño”**.

Primeiro ofrécenos : **“Os Reis de Oriente.”**

Primeiro C: **“Polo Nadal as letras petan ao portal.”**

Segundo interpretan: **“Rin-rin”**. **“Árbore de Nadal”**

Terceiro interpretan o **“ cucú”** . **“O Nadal está de aniversario”**.

Cuarto A: **“Todo foi un soño”**.

Cuarto: **“Xa veñen os Reis”** .

Quinto interpretan : **“Chegaron a pé”**.

Os catro sextos cantan: **“As Xaneiras”**.



Sexto A,B e C interpretan: *“Os nenos que querían vivir o Belén”*.

Reinier de 4ª toca o seu acordeón.

Todos xuntos cantan: *“Noite de Paz” en inglés e alemán.*

A PAZ

O E.N.L. participa das actividades acordadas na reunión do profesorado. Estas actividades tiveron lugar no centro, xa que na Ferraría non se puideron celebrar por mor da climatoloxía.



No centro o acto pola paz celebrámolo o día 30 de Xaneiro no patio do 2º ciclo.

-Presentación do acto alumna de 6º.

- Os nenos e nenas do Primeiro Ciclo fixeron nun panel unha pomba con pombiñas pequenas e cantaron a canción: **“O PATIO DO COLEXIO”**

-O alumnado do 2º e 3º ciclo elaborou

mensaxes pola paz que leu no devandito acto.

-Remate do acto coa canción: *“cambiar odio por amor”* de Jaunes.

ENTROIDO:

-Elaboración de disfraces. Concurso-exposición de caretas por aulas.

- FESTIVAL DE ENTROIDO organizado pola ANPA tivo lugar nas instalacións do colexio, o venres 20 de Febreiro.

Búsqueda en Internet de información sobre o Entroido en Galicia.



X SALON DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

- **Participación no Salón do libro:** O traballo proposto polo equipo da biblioteca para a semana do libro infantil e xuvenil centrouse na construción dun Quiosco que fixeron os alumnos/as de 6º nas clases de Expresión Plástica, dirixidos polo profesor-titor. A idea da cal se partiu foi: *“Xafi era a dona dun Quiosco, e dedicábase a regalar palabras de amor para que todos puideramos escribir a nosa historia*



- XAFI presentaba as historias de amor elaboradas polos nenos/as: **A DOZOURA DO AMOR- O AMOR NUNCA MORRE- UN MUNDO MELLOR.**

A DOZOURA DO AMOR: o traballo dos alumnos/as dos terceiros consistiu na elaboración dun libro de poemas. Cada poema era un acróstico realizado colectivamente. Seleccionáronse todas as palabras recollidas polos nenos, unha por cada letra do abecedario e a partir de cada unha fíxose un poema.

- **O AMOR NUNCA MORRE - UN MUNDO MELLOR:** este traballo realizouse en equipos. Despois de facer unha recollida e palabras de amor dende A – Z,

- organizáronse por grupos para elaborar: carta, poemas, relatos...relacionados co tema.
- Os alumnos/ as que participaron foron os de 3º nivel (2º ciclo) e os de 3º ciclo(5º e 6º).

2009 VII MOSTRA “A CAMELIA, UN RECURSO DIDÁCTICO EN CAMPOLONGO”

CELEBRADO OS DÍA 17,18 E 19 DE MARZO

- Exposición e concurso de flores.
- Exposición e concurso de debuxos.
- Exposición e concurso de redaccións.
- Exposición e concurso de fotografías



ABRIL DOS LIBROS

SEMANA DO 15 Ó 24 DE ABRIL: “POUSANDO IDEAS”

- _ Ambientación da biblioteca: Móviles do Sistema Solar con composicións poéticas relacionadas co mesmo.
- _ Ambientación do centro: murais, exposicións de libros, “libriños sobre o Sistema Solar”, elaborados polos propios alumnos/as.
- _ Concurso de “mensaxes” titulando os murais
- _ Ilustracións das portadas dos libros recomendados na Guía do 3º trimestre.
- _ “Un pouco de todo”: texto ilustrado relacionando “o día do libro, letras galegas e o Sistema Solar”.
- _ O día 23 adicarase a lectura colectiva por niveis das composicións elaboradas polos alumnos/as

SEMANA DO 27 Ó 28 DE ABRIL

- _ Monicreques e dramatizacións de contos: a E.I. e 1º ciclo de primaria a cargo dos alumnos/as de 3º ciclo (falta concretar data)
- _ Recital de poesía ao 2º e 3º ciclo, a cargo dos alumnos/as dos 2º

O MAIO.

Elaborouse un maio tradicional da bisbarra de Pontevedra para o que se contou coa colaboración das familias. Fixéronse coplas propias de maio para participar no concurso municipal, feito que ocorre por segunda vez na historia do centro. Grazas ó esforzo de toda a comunidade escolar este ano en dito concurso acadámo-los seguintes premios:



🏆 2º premio de coplas.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES POLAS LETRAS GALEGAS

SEMANA DO 5 Ó 8 DE MAIO

_ Días 6, 7, 8: “Quéroche contar un conto”. E.I., 1º Ciclo

_ Días 6 e 7: “Miscelánea literaria”. 2º, 3º ciclo

OUTRAS ACTIVIDADES

_ Participación na Festa dos Maios

_ Participación no Correlingua o 5 de maio os terceiros

_ Traballo da unidade didáctica de Ramón Piñeiro López

_ Proxección da Biografía de Ramón Piñeiro na pantalla de plasma.

_ Intervención dun autor.

galego _ Concerto de música tradicional galega dos alumnos/as de 5º e 6º

(sen concretar data)

_ Concerto da Banda de música de Salcedo

_ Panel sobre o autor en forma de cubo

_ Mostra de libros en galego no corredor central

_ Obra de teatro “Unha historia de monos” para alumnos/as de 2º e 3º ciclo.

_ Contadores de historias a partires do día 6 de maio.

_ Visionado de cine en galego por niveis e ciclos

_ Revista escolar “Esperpento”



RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ

- Familiarización co autor homenaxeado **Ramón Piñeiro López**, e a súa obra.

-Divulgación e promoción da figura de **Ramón Piñeiro López**.

-Exposición de paneis en forma de cubo coa vida e obra de **Ramón Piñeiro López**.

-A historia do “Día das Letras Galegas”: traballo sobre os autores homenaxeados.

-Traballo sobre unha unidade didáctica sobre **Ramón Piñeiro López**.

-Traballos individuais sobre a figura de **Ramón Piñeiro López**.

-Exposición de libros en galego.

OUTRAS ACTIVIDADES

SEGUNDO CICLO	CAIXA GALICIA:DEBUXANDO A LAXEIRO	27-28-30/10-2008	13-20- 21/11-2008
PRIMEIRO CICLO	CAIXA GALICIA:DEBUXANDO A LAXEIRO	17-18-19/11-2008	24-26-28/11-2008
TODOS	EXPOSICIÓN PRODUCTOS DE OUTONO. CONCURSOS	Do 3 ó 7	DE NOVEMBRO
TODOS	MAGOSTO		7/11-2008
6º	DIVERCENCIA EN LOURIZAN (2 GRUPOS)		21-11-2008
TODOS	FESTIVAL DE NADAL		18,19-12-2008
E.I. (5 ANOS)	VISITA XEFATURA POLICÍA PARA E. VIAL		13-01-09
E.I.	TRISTAN CARA DE CAN (TEATRO PRINCIPAL)		26-01-2009
TODOS	CELEBRACIÓN DÍA DA PAZ		30-01-2009
TODOS	FESTA DE ENTROIDO		20-02-2009
6º	SALÓN DO LIBRO		06-02-2009
4º A 4º C	EXPOXOGO CON MENIÑOS		13-02-2009
6º A-B-C-D	BIBLIOTECA PÚBLICA "HISTORIA DA MÚSICA ENLATADA"		09-03-2009
5º e 6º	EXPOSICIÓN DE PINTURA DE CAIXANOVA. ARTISTAS GALEGOS DO SECULO XXI		12,13-03-09
1º e 2º	EXPOSICIÓN DE PINTURA DE CAIXANOVA. ARTISTAS GALEGOS DO SÉCULO XXI		16,17-3-09
TODOS	VII MOSTRA DA CAMELIA		17,18,19-03-09
2º	TEATRO "OS NONICREQUES DE CUCAS"		23-03-09
2º e 3º	CONTACONTOS DÍA ARBORE		25-03-09
1º	TEATRO BOLBORETA DE CAIXANOVA		25-03-09
E.I.	ESCENAS MUSICAIS DE CAIXANOVA		30-03-09
1º e 2º	TEATRO "UNHA HISTORIA DE MONOS"		02-04-09
5º e 6º	CHARLA CRUZ VERMELLA		03-04-09
4º NIVEL	VISITA MUSEO DE PONTEVEDRA		16-04-09
5º NIVEL			22-04-09
5º	INTERCAMBIO CON ALUMNOS/AS DE OPORTO		17-04-09
6º	MARCOPOLO.- CAIXANOVA		20-04-09
5º e 6º	CHARLA SOBRE O MONTE GALEGO		24-04-09
5º	VISITA BIBLIOTECA PUBLICA: O TRIVIAL DA CIENCIA		5 e 7-05-09
3º,4º,5º,6º	OBRA DE TEATRO "UNHA HISTORIA DE MONOS"		15-05-09
6º	VISITA MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES		19-05-08
3º	VISITA A LOURIZÁN		27-05-09
6º	CHARLA PETETE "LIBRO PIRATA"		28-05-09
3 anos	VISITA COTORREDONDO: CONTACTOS COA NATUREZA		02-06-09
2º	VISITA AO CENTRO DE PROTECCIÓN FORESTAL		05-06-09
E.I. 4 e 5 anos	ZOO + TREN		05-06-09
1º	ACUARIO O GROVE		08-06-09
2º	VISITA ZOO		12-06-09
4º	A GOLADA (MERCADO E MUSEO ETNOGRÁFICO)		12-06-09

CONCURSOS E EXPOSICIONS

ACTIVIDADE	TITULO	PARTICIPANTES	DATA
EXPOSICIÓN-CONCURSO	EXPOSICION PRODUCTOS DO OUTONO	TODOS	OUTUBRO
EXPOSICIÓN-CONCURSO	CONCURSO/EXPOSICIÓN POSTAIS DE NADAL	TODOS	DECEMBRO
CONCURSO	CONCURSO CARETAS ENTROIDO	TODOS	FEBREIRO
CONCURSO-EXPOSICIÓN	VII CONCURSO - EXPOSICIÓN DA CAMELIA	TODOS	17, 18 E 19 MARZO
CONCURSO	CONCURSO CARTEL FESTAS DE SAN XOSÉ	TODOS	MARZO
EXPOSICIÓN	FOTOGRAFÍA CAMELIA	TODOS	ABRIL
EXPOSICIÓN DA ARBORE	AS PRANTAS	5º E 6	ABRIL

PARTICIPACIÓN NA REDE DE ESCOLAS UNESCO

-No centro traballouse de maneira interdisciplinar sobre o patrimonio inmaterial galego-portugués (O magosto, o maio, música popular e o Entroido) e co patrimonio natural, a Exposición da Camelia, as visitas guiadas a Lourizán, ao Acuario do Grove, ao Zoo e o estudo das plantas do noso entorno, dentro do Proxecto Atlántico da UNESCO.

Todas as escolas galegas asociadas á UNESCO de Galicia participamos na elaboración dun libro viaxeiro sobre a cultura de Paz, o tema foi ¿Que é a Paz?. Unha vez rematado o libro, circulou polas diferentes escolas, unha representación de dous nenos e nenas se reuniu para redactar o manifesto que foi presentado no CEIP CAMPOLONGO, tanto en galego como coa linguaxe de signos.

O libro viaxeiro comezará a súa andaina polos diferentes colexios e institutos no próximo curso.

O día 29 de Maio por mor da colocación da placa como escola UNESCO fixemos unha exposición ¿Que é a UNESCO? ¿Cales son os seus proxectos faro? E o máis interesante foron os traballos presentados polos nenos e nenas das diferentes escolas UNESCO.



PROXECTO ATLÁNTICO

Promove o coñecemento, respecto, valoración e conservación ou mellora do contorno natural e cultural no que se desenvolve a vida do alumnado do centro.

Dentro das propostas de traballo que desenvolve podemos salientar:

Investigación sobre o clima e as súas influencias.

Estudio do bosque

Estudio da dieta.

Aproveitamento dos recursos.

Intercambio de materiais artesanais.

Recollida e intercambio de cancións e poemas de traballo.

No primeiro trimestre o alumnado de primeiro acompañado de mestres/mestras do nivel fixo o paseo polo tramo urbano do río dos Gafos que se atopa máis preto da escola. Saída de campo coa que se pretende que o alumnado se faga competente no coñecemento e interacción co mundo físico

XORNAL ESCOLAR “O ESPERPENTO”

O noso voceiro bota a andar cara o remate do curso coa participación e colaboración do alumnado, nun espazo educativo aberto o enxeño e a maxia expresiva, -potenciados desde a aula polo profesorado-, sendo outro vieiro para darlle ó galego unha certa presenza no traballo diario, ademais do programado no currículo escolar.

Nesta entrega iniciouse a edición on-line aproveitando e comprometéndose con todas as posibilidades que nos ofrecen as tecnoloxías da comunicación, fíto que abre o noso ámbito de

difusión, e ao mesmo tempo estrea camiños na demostración diaria de que a escola pública avanza, mellora, e ofrece a mellor calidade, sempre na vangarda e na experimentación.

Un curso máis , as celebracións, as saídas, as convivencias e as irmandades educativas desenvolvidas polo nosa escola , permitíronlle ao alumnado reflectir momentos da vida do centro.

As páxinas do esperpento, son o mellor agasallo para comprometer a toda a Comunidade Educativa, pois xuntos compartimos éxitos e esforzos , camiñando con ledicia para que a viaxe do noso xornal sexa participada cara ese punto de encontro onde se ven proxectadas a boa predisposición, as iniciativas e as achegas que fan posible a realidade de estar presentes e seguir adiante nesta angueira conxunta.

